



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 4
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	Home <input type="checkbox"/>	Muller <input type="checkbox"/>	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder. ▪ Empregue bolígrafo negro ou azul. ▪ Non se permite usar material de apoio. ▪ Adecúese á tarefa que se lle pide. ▪ Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado. ▪ Non se lle proporcionará outro caderno de exame. ▪ Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda. ▪ Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex). ▪ Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán. ▪ Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga

Certificado
Lingua

4

Proba A1

Vostede, que colabora acotío nun xornal, decide basear o seu próximo **artigo de opinión** na seguinte entrevista televisiva. No texto, en **400 palabras**, ten que:

- Presentar a Asociación Leticia Cativa.
- Explicar cales son os requisitos para ser familia acolledora e que trámites cómpre realizar.
- Describir a experiencia da persoa entrevistada e amosar a opinión que ten vostede ao respecto desta acollida.
- Valorar o labor das ONG e animar os lectores a participaren en accións solidarias.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Empty writing area for the exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their answers for the A1 test.

Proba A2

Vostede colabora cun xornal local da súa vila e para o próximo número encargáronlle un artigo de opinión relacionado coa medicina alternativa. Despois de ler o texto “Homeopatía: unha alternativa menos agresiva”, decide basearse nel para redactar o seu **artigo de opinión**. No texto, en **400 palabras**, ten que:

- Introducir o tema do seu artigo e xustificar a súa escolla.
- Explicar que é a homeopatía, como se orixina e para que doenzas se pode empregar.
- Comentar cal é a demanda na sociedade actual e argumentar a favor ou en contra da súa eficacia.
- Facer unha análise comparativa entre a medicina oficial e a homeopática.

Homeopatía: unha alternativa menos agresiva

Aumentan os usuarios dunha práctica exercida tamén por médicos e freada pola ausencia de avais científicos.



Unha alternativa, un engano... A homeopatía arrastra dende o seu nacemento a polémica sobre unha validez que varios resultados positivos realzan e que a inexistencia de estudos científicos pon en dúbida. O desencanto fronte á deshumanización da medicina oficial, a agresividade dalgúns dos seus tratamentos, o excesivo protagonismo dos medicamentos e a aparición de efectos iatroxénicos —é dicir, de consecuencias negativas que comportan algunhas actuacións médicas— levan a que se busquen alternativas menos agresivas e máis humanas. Por todo isto, moitos médicos retoman a homeopatía como un xeito de curación non agresivo, baseado no estudo do enfermo, nas súas particularidades e na aplicación da chamada lei da similitude.

Na actualidade, millóns de persoas en todo o mundo recorren á homeopatía, milleiros de médicos practícan e nalgúns países (en Francia, por exemplo) é reembolsada pola Seguridade Social.

É comunmente admitido que a homeopatía foi descuberta por Samuel Hahnemann, médico nado en 1755 que, decepcionado polas prácticas dos seus colegas, baseadas nas sangrías, nas purgas ou na administración de mercurio, xofre, cloro e outros preparados, tentou buscar outras vías terapéuticas. Pero o seu gran precursor foi Hipócrates, o considerado pai da medicina, que enunciou a lei da similitude, unha das bases da homeopatía. Ao primeiro, a homeopatía tivo moitos detractores e unha feroz oposición. Hahnemann morreu en 1843 e, aínda que deixou discípulos e un corpo teórico escrito, a homeopatía non tivo ningún desenvolvemento nos cen anos seguintes. Agora ben, dende a década dos setenta asístese a un interese cada vez maior por esta disciplina.

Tres principios

A homeopatía vén do grego *omoios* 'semellante' e *pathos* 'afección'. Considérase como unha das chamadas medicinas alternativas fronte á medicina oficial ou alopática, tamén do grego *alo* 'contrario' e *pathos* 'afección'. A homeopatía busca estimular a curación do organismo polos seus propios medios, non ten capacidade de causar efectos secundarios e baséase en tres principios fundamentais: lei da similitude, lei da medicina única e lei de doses mínimas.

- **Lei da similitude:** un produto homeopático ten que producir nunha persoa sa os mesmos síntomas que ocasiona a enfermidade que debe tratar. Para un homeópata a cebola serve para tratar os esbirros e a lacrimación, e a cafeína para evitar o insomnio.
- **Lei do medicamento único:** os homeópatas clásicos utilizan un só medicamento e raras veces máis, aínda que un só preparado pode ser un produto composto.
- **Lei de doses mínimas:** o principio activo é diluído numerosas veces ata chegar a concentracións moi pequenas, pero efectivas. O número de disolucións efectuadas determina a potencia da disolución en decimais ou centesimais hanemanianos (DH).

Os preparados homeopáticos obtéñense de vexetais, animais, e moitas veces utilízanse minerais. Os que se venden en España son artesanais ou industriais.

É realmente eficaz a homeopatía?

O tema é arduo, hai numerosos pacientes que se senten satisfeitos, que melloraron ou que sandaron co tratamento homeopático. Este é un feito innegable, pero é preciso sinalar que non hai estudos científicos serios sobre que porcentaxes de pacientes curaron dos que se someteron a tratamento homeopático. A maioría dos estudos científicos que trataron de aclarar o porqué do poder curativo da homeopatía só o atribuíron ao efecto placebo; é dicir, á cura por suxestión, por fe no que se está tomando. Para que se certifique a verdadeira eficacia dun medicamento, os seus efectos teñen que ser moi superiores aos que se obteñen de media cun placebo. Pero, segundo os seus defensores, a teoría do efecto placebo non se sostén, xa que afirman que a homeopatía funciona en nenos, mesmo nos moi pequenos, totalmente alleos aos placebos. Algo semellante acontece cos animais, que melloraron e sandaron dalgunhas enfermidades logo de os someter a tratamentos homeopáticos.

Hai que ter en conta tamén o fenómeno denominado "curación espontánea", que é a mellora nos síntomas ou a curación total ou parcial dunha enfermidade ou doenza por causas que non son evidentes. O paciente adoita acudir ao homeópata cando xa leva tempo coa afección e a súa cura, independentemente da intervención do homeópata, coincide co remate dos síntomas.

Hoxe por hoxe, non hai explicación científica para a homeopatía nin estudos epidemiolóxicos que demostren a súa eficacia, pero tampouco se demostrou o contrario. O que si hai son miles de pacientes que afirman que melloraron e mesmo que curaron con ela, polo que o número de usuarios de homeopatía non deixa de aumentar. De feito,

o mercado de produtos homeopáticos medra sen cesar. Estímase que en España os prescriben uns 4000 médicos e que algúns seguros privados están considerando incluír a homeopatía entre as súas prestacións, debido á crecente demanda entre os seus asegurados. Os homeópatas utilizan, ademais, outro argumento a favor das súas prácticas terapéuticas, e ese argumento é que non lle producen dano de ningún tipo a quen as utiliza e que non son tratamentos agresivos, en todo caso resultan inofensivos.

Outra cuestión que non se debe eludir é a postura da industria farmacéutica, pouco interesada en promover investigacións homeopáticas que poidan dar resultados positivos e restarlles beneficios, pois en moitos casos os remedios da homeopatía son máis económicos ca os tradicionais.

Tratamento limitado

Que enfermidades se poden tratar con homeopatía? Os homeópatas din que recoñecen os límites da homeopatía. Segundo eles, as indicacións máis idóneas son:

- Enfermidades infecciosas bacterianas e virais (especialmente as de vías respiratorias altas, como farinxite, rinite, sinusite, traqueíte...), así como micóticas.
- A infertilidade, sen posibilidades de embarazos múltiples.
- Cefaleas, xaquecas.
- Enfermidades reumáticas.
- Trastornos xinecolóxicos: dismenorrea, síndrome premenstrual, menopausa.
- Enfermidades dermatolóxicas: eccemas, urticarias, psoríase, acne, herpes simple.
- Ansiedade, angustia, estrés, depresión, insomnio.
- Enfermidades alérxicas e psicosomáticas.

Texto adaptado da revista *Eroski Consumer*

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

Empty writing area for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA
CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións: